



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### Urbanismo. Sección de Planeamento e Xestión

*Anuncio de información pública do anteproxecto de ampliación do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela*

Con data 15 de xullo de 2021 a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia presentou no Concello de Santiago o Anteproxecto de obras de ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS), para os efectos da súa tramitación a través do procedemento regulado pola Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

O anteproxecto presentado afecta ás seguintes parcelas catastrais:

5666942NH3456F0001SY

5666941NH3456F0001EY

Sendo o proxecto promovido pola Xunta de Galicia desconforme coas determinacións do planeamento urbanístico vixente no ámbito –Plan especial de ordenación (PE-9) aprobado o 5 de novembro de 1992 e disposición transitoria 17.<sup>a</sup> do PXOM– a citada lei 3/2016 obriga ao Concello de Santiago a someter o proxecto ao trámite de información pública, previamente á emisión do informe que proceda sobre os intereses locais afectados.

En cumprimento do disposto polo apartado 4 do artigo único da citada Lei 3/2016, o proxecto sométese a información pública durante o prazo de vinte días, mediante anuncios que a tal fin se publicarán no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

En consecuencia, durante o prazo de vinte días soltos (excluídos sábados, domingos e festivos), contado a partires do día seguinte ao da última publicación que se efectúe do presente anuncio, os cidadáns poderán consultar o proxecto e formular as alegacións que estimen oportunas.

A documentación sometida a exposición pública poderá consultarse no Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística do Concello de Santiago (Pazo de Raxoi, 2.º andar), de luns a venres, en horario de 9 a 14 horas; e na páxina web do Concello <https://transparencia.santiagodecompostela.gal/plans-urbanismo-obras-publicas/gl>

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2021.

A concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica  
(RD. Decreto do 17 de xuño de 2019)

Asdo.: Mercedes Rosón Ferreiro

2021/6955